

001752 25.10.2013 10:17

Á vista do escrito do profesor D. Elías J. Feijó Torres, profesor titular e IP do grupo de investigación da USC GALABRA (gi-1811) polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas da titulación de Master Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura, esta REITORÍA

-Considerando que na Facultade de Filoloxía impártense a titulación de Master Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura e que en dita titulación recóllese a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de 6 créditos ECTS, (1 crédito por cada 25 h), dentro da materia Prácticas en empresa de carácter optativo. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que o grupo de investigación arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos do Master Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.


RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado da titulacións de Master Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura participando no grupo de investigación arriba citado..
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar 150 horas recollidas no plano de estudos.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica destas titulacións de acordo co Investigador principal do grupo de investigación mencionado, e concretarase nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas dentro do proxecto mencionado, non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

- A Comisión Académica da titulación do Master Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o IP do grupo de investigación mencionado nomeará a un titor que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas do grupo de investigación mencionado.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o Coordinador do grupo de investigación emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2013

O REITOR



Juan José Casares Long

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXIA
SR. COORDINADOR DO MASTER EN ESTUDOS DA LITERATURA E DA CULTURA
SR. ELÍAS J. FEIJÓ TORRES
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA